

Memoria xustificativa da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Federación de Sociedades Gallegas de Cuba para o mantemento dunha oficina de información e asesoramento en Cuba e das oficinas das provincias

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

O seu artigo 49 establece que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude; en particular, son competencias desta secretaría xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

O 7 de abril de 2025 a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Federación de Sociedades Galegas de Cuba asinaron un convenio que ten por obxecto establecer o marco da colaboración as entidades asinantes para o mantemento dunha oficina de información e asesoramento e ademais colaborar na difusión e xestión dos programas e actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os de carácter socio asistencial

Na cláusula cuarta do convenio establécese unha achega económica por un importe de sesenta e cinco mil euros (65.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Debido á situación social, política e económica pola que está a atravesar o país e sobre todo ao aumento do custo dos gastos de funcionamento tanto da oficina como dos puntos de información, a Federación de Sociedades Gallegas de Cuba ten graves dificultades co financiamento previsto inicialmente neste ano para o seu mantemento, polo que, co fin de seguir prestando a atención necesaria ás persoas de orixe galega, é preciso incrementar o importe da achega en 20.000 €.

Xa que logo, tendo en conta a addenda, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de oitenta e cinco mil euros (85.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.



Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

